

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 14 DE ABRIL DE 2008

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**2420/07.- Javier Baltar Boileve.-** Legaliz. De modificacións executadas na obra de rehabilitación de viv. unif. sita na Avda. de Lagartos núm.44.-

**2635/07.- Jesús Otero Otero.-** Derruba de exceso de obra executada nas dúas viv. unifamiliares sitas en Cima da Eira núm.35-37.-

**659/08.- Promociones Fernández Taboada, S.L.-** Legalización de adición dunha planta de soto, a cuarta, na edificación en execución na Rúa Xeral Pardiñas núm.4.-

**2648/07.- Inver Rayena, S.L.-** Legalización das obras de conservación e rehabilitación, construción de dous porches e un cobertizo na viv. unif. sita no Lugar de Pedra, Sta Cristina de Nemenzo núm.11.-

**688/07.- Grupo Empresarial Far, S.L. e Alamo Galicia, S.L.-** Edificio (78 viv.) na parcela M6-A-B1 do SUP-6 de Santa Marta.- (deixa sen efecto o acordo da X.G. L. de data 17-03-08).

**82/04.- M<sup>a</sup> Angeles Paz Ramos.-** Obras e apertura de Pub (Lap/17/04) na Quintana de Vivos núm.1.-

**843/07.- Tamesa Santiago, S.L.-** Nave e apertura de taller de vehículos industriais na Vía Galileo, parcela 7 do SUNP-34 de Boisaca (Lap/156/07).

#### DENEGADAS.-

**2911/04.- Manuel Ramos Gil.-** Vivenda unifamiliar na parcela 2492 de concentración de Sabugueira, no Lugar de Carballal, Vilamaior.-

**1675/03.- Ismael Garaboa Castro e M<sup>a</sup> Amparo Mallo Baliño.-** Viv. unif. vinculada a unha explotación agropecuaria no Lugar de Sobríns, Parroquia de San Martiño de Aríns.-

**673/06.- Isabel Santomil e Outros.-** Terraplenado das parcelas 335 e 337 de concentración de San Martiño de Laraño, no Lugar de Coira.-

#### PARCELACIÓNS.-

**1210/07.- Promociones y Construcciones Restollal de Gestión, S.L.-** Parcela resultado da agrupación de dúas sitas no Lugar de Aldrey núm.14, número 213 de concentración de Sta María de Marrozos (+).-

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

**2126/05.- José Manuel Collazo Fraga.-** .....Expte....1436/03.....1.463,22 €.-

**427/08.- Jesús Santomil López.-**.....Expte...1840/00.....675.000..... ptas (4.056,83 €).-

#### AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO, PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENZA.-

**365/07.- Red de banda ancha de Andalucía, S.A, Axión.-** Instalación dun centro emisor de radiodifusión no monte de A Cruxeira (Lap/74/07).-

#### AUTORIZACIÓN DE PECHE EXECUTADO DE XEITO PROVISIONAL E AUTORIZACIÓN DE REGULARIZACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS.-

**2564/04.- Javier Rodríguez Regueiro.-** Viv. unifamiliar en Paredes de Laraño.-

#### SUBSANACIÓN ERRO X.G.L. DE DATA 24.03.08

**Lap/ 55/2008.- Construcciones Ruafer, S.A.-** Construción de tres Edif.. na parcela 7 do SUP-7 de Pontepedriña.-

#### SUBSANACIÓN ERRO X.G.L. DE DATA 21.05.07.-

**1880/06.- Santiago Sur, S.A.-** Edificio na quinceiro 18 do SUNP-22 de Castro de Abaixo.-

#### APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DE PROXECTO PARA CENTRO POLIDEPORTIVO NO SUP-3 DE PONTEPEDRIÑA.-

#### APERTURAS.-

**Lap/444/06.- Telefónica Móviles España, S.A.-** Apertura de Estación Base de telefonía móbil no Polígono Costa Vella, parcela 30.-

**Lap/ 227/06.- Vodafone España, S.A.-** Estación Base de telefonía móbil en Rúa Miguel Ferro Caaveiro (Hotel Puerta del Camino).-

**Lap/355/06.- Telefónica Móviles España, S.A.-** Apertura de Estación Base de telefonía móbil en Costa de Aríns, Lugar de Aramio.-

**Lap/354/06.- Telefónica Móviles España, S.A.-** Apertura de Estación Base de telefonía móbil en Lugar de Aldea de Abaixo, San Cristobal de Enfesta.-

**Lap/358/06.- Telefónica Móviles España, S.A.-** Apertura de Estación Base de telefonía móbil en Fonte Espiñeira.-

**Lap/357/06.- Telefónica Móviles España, S.A.-** Apertura de Estación Base de telefonía móbil en Alto da Cascolla.-

**6.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas por importe de 1.762.

**7 a 45.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto do lixo, no imposto sobre Bens Inmóbles, bonificacións na taxa por postos e casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público e por venda de artesanía nas rúas, venda ambulante e rodaxe cinematográfica, exencións nas taxas polo subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**46.- Responsabilidade patrimonial.**

Declárase a inexistencia de responsabilidade patrimonial do Concello polos danos sufridos por un vehículo e declárase a Aquagest responsable dos devanditos danos, polo que terá que aboar unha indemnización por valor de 122,68 euros.

**47.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do orzamento da XIII Edición do Concurso literario Ánxel Casal nas modalidades de teatro, poesía e conto.**

Apróbase un orzamento total de 6.000 euros.

**48.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do XIII CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS.**

Apróbase un orzamento de 1.469 euros.

**49.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación dos prazos de reserva de praza do alumnado actual, solicitudes de admisión de novo alumnado e matrícula na Escola municipal de Música para o curso 2008-2009, así como o procedementos para a súa realización.**

Apróbanse os prazos para a reserva de praza do alumnado actual (do 21 de abril ao 9 de maio) e da matrícula do mesmo (do 19 de maio ao 2 de xuño); e de solicitudes de novo alumnado (do 20 de maio ao 12 de xuño) e de matrícula (17 de xuño ao 27 de xuño). As solicitudes deberán entregarse na Escola de Música en horario de 11 a 14 e de 17 a 19 horas.

**50.- Inicio do expediente de contratación das obras de substitución da rede de abastecemento na rúa dos CARAVEIS, incluídas no POS ADICIONAL 2/2007 da Deputación Provincial da Coruña.**

Acórdase o inicio do expediente para a contratación das devanditas obras por procedemento negociado sen publicidade, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial o 26 de maio de 2005, establecéndose un tipo de licitación de 59.726 euros.

**51.- Adxudicación do Subministro de mobiliario para a Casa do Asociacionismo Veciñal.**  
Adxudícase a licitación de referencia á empresa TECAM OFICINAS, SA por importe de 58.738 euros.

**52.- Adxudicación das Obras incluídas no proxecto básico e de execución de Reforma e Ampliación de edificación para destinar a Aula de Coñecemento do Medio Rural en PORTELA.**

Adxudícase a licitación de referencia á empresa OVIGA, SL por importe de 389.420 euros e un prazo de execución de 3 meses e medio.

**53.- Adxudicación das obras de urbanización da UX-16 de Santas Mariñas.**

Adxudícanse as obras incluídas no proxecto de urbanización a Unidade de Xestión 16 Santas Mariñas á empresa OVIGA, SL, por importe de 1.046.820 euros e un prazo de execución de 4 meses.

**54.- Adxudicación das obras da UA A e B de Penamaría (San Lázaro).**

Adxudícanse as obras das unidades de actuación A e B de Penamaría á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, por importe de 204.125 euros e un prazo de execución de 3 meses.

**55.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de alegacións e aprobación definitiva do proxecto de expropiación do solo urbanizable non programado número 12 (SUNP-12). Lamas de Abade, tramitado polo procedemento de taxación conxunta.**

Apróbase definitivamente o expediente de expropiación do SUNP-12, tramitado por taxación conxunta, segundo o proxecto presentado por EMUVISSA o 8 de abril. Apróbase así mesmo a parcelación.

**56.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á aprobación inicial da Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) na parcela do antigo Banco de España.**

Apróbase inicialmente a modificación puntual do PE-1 na parcela do antigo Banco de España segundo o proxecto presentado o 22 de febreiro de 2008 polo Consorcio coa condición de eliminar o elemento de lucernario debuxado no plano de alzados.

**57.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á aprobación inicial da Modificación puntual na parcela do edificio número 23 da rúa do Preguntoiro.**

Apróbase inicialmente a modificación puntual do PE-1 na rúa do Preguntoiro segundo o proxecto presentado o 20 de febreiro por Caixanova coa condición de que se presente un documento reformado no que se amplíe o uso asignado –comercial- coa incorporación dos seguintes usos dotacionais: sociocultural, institucional-administrativo, asistencial e docente. Así mesmo, debe conservarse a escaleira interior protexida, xa que lonxe de impedir a implantación do auditorio, ofrece pautas e referencias de gran utilidade para a imaxe final do conxunto e a súa organización interna.

**58.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación do orzamento das Festas da Ascensión 2008.**

Apróbase un orzamento de 195.468 euros para as Festas da Ascensión, que se celebrarán do 30 de abril ao 4 de maio.

**59.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración subscrito co Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI).**

Dáse conta do devandito convenio para a prestación do servizo do Centro de Información ás Mulleres (CIM) e promoción da igualdade das mulleres e dos homes por importe de 30.000 euros.

**60.- Dar conta do acordo en relación co Mercado de Gando.**

Dáse conta do acordo para fixar o calendario anual do Mercado. Éste será elaborado cada ano de forma que a Concellaría de Mercados remitirá unha proposta de calendario para o ano seguinte ás asociacións antes do 30 de outubro. En novembro, as asociacións formularán as propostas ou contrapropostas oportunas e en decembro o Concello aprobará e comunicará o calendario decidido. Crearase unha comisión de seguimento paritaria formada por tres representantes da administración e a concesionaria e outros tres designados polas asociacións.

**61.- Dar conta de corrección de erro no punto número 159 da sesión de data 17.03.2008 titulado "Adxudicación da organización do "Outlet" Compostela 2008".**

Corríxese o erro.

**URXENCIAS**

1.- Acórdase renunciar á subvención do Ministerio de Industria para o proxecto "Santiago de Compostela, cidade da madeira".

2.- Apróbase a prolongación dos servizos por período de tres meses de dúas funcionarias interinas na área de servizos sociais.